



RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE MARZO DE 2019 POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS A VALEDOR UNIVERSITARIO

De conformidade cos vixentes Estatutos e co Regulamento do Valedor Universitario da Universidade da Coruña aprobado polo Claustro na súa sesión do día 5 de maio de 2006, o valedor universitario será elixido polo Claustro da Universidade entre os membros da comunidade universitaria de recoñecida probidade e imparcialidade (art. 4.1 Regulamento Valedor Universitario).

En representación do Claustro, a coordinación do proceso de elección do valedor universitario recae na Mesa do Claustro (art. 5.1 Regulamento Valedor Universitario).

Con data 11 de marzo, a Mesa do Claustro aprobou convocar eleccións a valedor universitario. Na súa virtude,

RESOLVO

1º) Convocar eleccións a valedor universitario, nos termos previstos no anexo I.

3º) Publicar o censo actualizado dos membros do Claustro cuxo enlace figura no anexo II.

2º) A presente Resolución será comunicada a todos os membros do Claustro mediante a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial e na web da Universidade.

Código Seguro De Verificación	0vD6Ru5Qh55fBkJHJQVhwQ==		
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	11/03/2019 13:35:59
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0vD6Ru5Qh55fBkJHJQVhwQ==		



ANEXO I

PRIMEIRO.- Presentación de candidaturas.

As candidaturas deberán estar secundadas, como mínimo, por 15 claustrais (art. 6.1 RVU).

Na candidatura deberá facerse constar o nome e os apelidos da persoa que se presenta como candidata, o seu número de documento oficial de identidade ou pasaporte e o centro ao que pertence e a súa sinatura de aceptación da candidatura. Igualmente, debe facerse constar o nome e os apelidos dos/as claustrais que presentan a candidatura, o sector e o centro ao que pertencen e a sinatura de cada unha delas (art. 6.2 RVU).

As candidaturas poden presentarse no rexistro electrónico, nas oficinas do Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (Edificio da Reitoría, A Maestranza), nos rexistros auxiliares (Campus da Zapateira e Campus de Esteiro, Ferrol).

O prazo de presentación de candidaturas rematará ás 14:00 h do martes 22 de marzo de 2019

SEGUNDO.- Proclamación de candidaturas.

Finalizado o prazo de presentación de candidaturas, a Mesa do Claustro procederá, no prazo máximo de tres días lectivos, a realizar a proclamación provisoria de candidatos (27/03/2019) (art. 7.1).

Dentro do prazo de tres días lectivos a partir da data de proclamación provisoria de candidatos, poden presentarse reclamacións ou solicitudes de rectificación mediante un escrito dirixido á presidencia da Mesa do Claustro. (atá o 01/04/2019)

As reclamacións e as solicitudes de rectificación deberán resolverse nun prazo de tres días lectivos, que se contarán desde a finalización do prazo de súa presentación (art. 7.2).

Se non se presentaren reclamacións nin solicitudes de rectificación no prazo fixado, ou unha vez resoltas, a Mesa do Claustro procederá á proclamación definitiva de candidatos (art.7.3) (máximo 04/04/2019)

TERCEIRO.- Lugar, data e procedemento de votación.

A elección efectuarase por votación secreta dos claustrais na sesión do Claustro Universitario convocada para o día 23 de abril de 2019, conforme á Orde do Día aprobada pola Mesa do Claustro.

O procedemento de votación será ordenado pola Mesa do Claustro.

Será elixido valedor universitario o candidato que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro en primeira volta.

No caso de varias candidaturas, se ningunha das persoas candidatas obtiver esa

Código Seguro De Verificación	0vD6Ru5Qh55fBkJHJQVhwQ==		
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	11/03/2019 13:35:59
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0vD6Ru5Qh55fBkJHJQVhwQ==		





maioría, a Mesa do Claustro proclamará os dous candidatos máis votados e anunciará o día e a hora da segunda volta, que deberá ter lugar cando transcorran dous días lectivos desde a primeira volta. Será proclamado candidato electo en segunda votación o que obtiver o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro

CUARTO.- Nomeamento.

O reitor nomeará como valedor universitario a persoa candidata que resulte elixida (art. 8.4 do Regulamento).

ANEXO II

O censo actualizado do Claustro Universitario por sectores figura no seguinte enlace:

https://www.udc.es/gl/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/claustro/

A Coruña, 11 de marzo de 2019

O reitor

Código Seguro De Verificación	0vD6Ru5Qh55fBkJHJQVhwQ==		
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	11/03/2019 13:35:59
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0vD6Ru5Qh55fBkJHJQVhwQ==		

